

Da roda para a piola: refráns e frases do sur de Galicia

'Da roda para a piola': proverbs and phrases from Southern Galicia

Miguel Rubinos Conde

Resumo: Edición de 87 refráns e mais 54 locucións e fórmulas de 40 concellos de Galicia máis unha comarca. Foron recollidos entre 1994 e 2012.

Palabras clave: fraseoloxía galega, paremioloxía galega, traballo de campo.

Abstract: Compilation of 87 proverbs and 54 locutions and collocations from 40 Galician municipalities as well as one region collected between 1994 and 2012.

Keywords: Galician phraseology, Galician paremiology, fieldwork.

1. Introducción

Di o libro do Eclesiastés (7,19) que *A sabedoría dálle ao sabio máis poder ca os dez que gobernan na cidade*. E outro proverbio xudaico proclama esta idea: *O futuro pertencerá a aqueles que tiveren mellor memoria*. É, precisamente, da memoria que esta recadádiva fala.

O máis fascinante e por veces desconcertante nas unidades fraseolóxicas é a capacidade que teñen de dicir dunha forma concisa e certa, frecuentemente cunha gran densidade poética, o esencial do saber dun pobo.

A cultura escrita é dominante, lexitimada polo impreso, polo rexistro fixo. En oposición, a cultura oral encóntrase en retroceso, dominada, reducida ao papel de cultura de resistencia, esnaquizada pola transformación dos modos de vida que lle deron soporte. Son dous mundos que se confrontan: dun lado o mundo labrego e mariñeiro da oralidade, invadido pola escola, pola escrita, pola lóxica das culturas urbanas; do outro a cidade, tamén ela suxeita á transformación introducida pola cultura de masas, polos novos medios de comunicación social e por unha nova oralidade por estes introducida.

Data de recepción 18.7.2013. Data de aceptación 14.10.2013.

Cada comunidade reconstrúe a herdanza cultural das xeracións que a preceden; mais hoxe a aceleración da historia, a mobilidade social, a multiplicación dos contactos fan perigar a permanencia das microculturas locais. Algo se está a perder, unha parte de nós, e invádenos a saudade cando vemos aldeas enteiras completamente despoboadas. De aí que tendamos a establecer rexistros escritos, propensos á preservación.

As adiviñas non conseguen concorrer cos enigmas do cotián, nin os contos tradicionais cos programas televisivos, nin as cantigas coa industria discográfica. Desaparecendo as actividades agrícolas tradicionais e os seus tempos de actividade e lecer, esvaecéronse tamén os espazos de convívio e sociabilidade labregas. A eira, o forno comunitario, a festa que fecha os ciclos agrícolas. A propia lareira desaparece coa calefacción, o serán céntrase arredor da televisión. A realidade das culturas vivas, a manifestación espontánea daquilo que era un fenómeno social total, esvaecese. Fica a memoria, a tentativa de agarrar o tempo, de o fixar, mais agora desprovisto do seu día a día.

A supremacía da escrita sobre a oralidade non representa necesariamente o fin da cultura oral. A escolaridade modifica os impactos das tradicións, mais asimílaas cando adquiren o estatuto de linguaxe escrita. A literatura oral subsiste, axeitándose ao vehículo privilexiado da cultura escrita. A modernidade recupera as culturas tradicionais adaptándoas ás novas vivencias sociais. Os *media* baseados no audiovisual inscribíense nunha nova oralidade, afastada das comunidades labregas, mais aínda así coa súa orixe na mesma matriz. Como queira que sexa, unha nova cultura oral presentará sempre un empobrecemento verbo das formas do pasado. O novo separado das súas raíces profundas.

O que interesa máis salientar é que estas formas da literatura oral son codificadas e comprendidas por quen detén a chave para as descifrar. Forman parte dunha biblioteca dispersa no interior da comunidade e da que cada persoa coñece unha parte limitada, parte que pode en calquera momento ser posta ao servizo da comunidade para castigar, criticar, ironizar, aconsellar, informar.

O rexistro escrito mantén as unidades fraseolóxicas que estarían condenadas á desaparición por teren mudado as condicións de uso. Adaptadas ou non á sociedade actual forman parte da nosa tradición cultural, son parte importante dun legado que debe ser preservado. Foi con esta intención que achego esta humilde recolla.

A metodoloxía deste traballo foi ben sinxela: por unha parte, fun anotando aquelas expresións que ía ouvindo en moi variadas situacións e lugares realizando diferentes traballos. Así, como peón de albanel ouvín *da roda para a piola*, como carteiro *a pé feito* e como celador *coma un rei nunha cesta*. Por conseguinte, os exemplos citados neste caso acostuman ser reais e literais ou case literais. Por outra parte, como profesor colaborador da Secretaría Xeral de Política Lingüística, propuxen ao meu alumnado a súa colaboración de maneira similar ao antes dito. Os resultados foron desiguais, mais, nalgún caso concreto, excelentes. Se cuantificamos estas dúas maneiras de obter a información, (e redondeando os datos, xa que dalgunhas expresións temos

varias informacións), 87 unidades fraseolóxicas pertencen ao primeiro grupo e 54 ao segundo.

O anterior explica tamén o feito de que aparezan refráns ou unidades fraseolóxicas moi correntes, pois só ficou fóra desta recolla, á parte das interferencias claras, aquilo que non me pareceu unha unidade fraseolóxica ou aquilo de que non tiña información suficiente para figurar aquí.

A particular maneira, arriba mencionada, de recoller as expresións explica tamén que o traballo non se circunscribe a un lugar, concello ou zona concreta, senón a 40 concellos diferentes (máis unha comarca) de Galicia, entre os que é evidente o predominio de Vigo (41 unidades). Séguenlle Baiona (8), O Rosal (7), Allariz e Vereá (6), Leiro e O Porriño (5), Gome sende, Mos e Val de Miñor (comarca) (4). Fican máis de 31 concellos aos que podemos adscribir o uso de unha, dúas ou tres UUFF.

Doutra parte, se nos fixamos nas zonas xeográficas temos que, tirando Vigo, a maioría dos concellos ou comarcas son dos arredores da Cidade da Oliveira (Baiona, Cangas, A Caniza, Covelo, Crecente, Fornelos, A Guarda, Marín, Mos, Nigrán, Pontearreas, O Porriño, Redondela, O Rosal, Soutomaior, Tui e Val de Miñor). Un segundo núcleo podemos dicir que é ourensán. Son: Allariz, Leiro, Avión, O Carballiño, Cenlle, Chandrexa, Gome sende, Ourense, Vereá, Vilar de Barrio e Xinzo. Fica un conxunto de 12 concellos situados máis ao norte (Vilagarcía e Compostela), contra o interior (Agolada, Cotobade, Lalín e Silleda) ou ao nordeste (Cervantes e Lugo).

O dito nos anteriores parágrafos xustifica, coido eu, sen afastarse moito da realidade, a segunda parte do título desta recadádiva: “refráns e frases do sur de Galicia”.

Quero precisar, por último, que a procedencia que cito de cada expresión non sempre é algo exacto. O que adoito facer é preguntar á persoa informante de onde é e se se di así no seu lugar de orixe. Daquela, normalmente a información de onde se di a expresión, refírese ao concello de procedencia da persoa que usa a expresión ou ao concello en que a ouvín ou recollín.

Non incluío marcas de rexistro nos refráns, mais si nas locucións e fórmulas. Estas marcas baséanse na miña experiencia persoal e deben considerarse provisórias xa que considero que é precisa moita máis información da que eu actualmente teño.

Agradezo a Ramón Anxo Martíns Seixo o seu traballo, incentivo e apoio dende o inicio. A Beatriz (Vereá), cuxa unidade fraseolóxica *da roda para a piola* foi o punto de partida desta recadádiva, á miña avoa Luísa Cid Vázquez e á miña nai María Asunción Conde Cid (Vilar de Flores-Allariz) pola súa dispoñibilidade, axuda e entusiasmo. A todas as amigas e os amigos que me axudaron nesta recolla: Daniel Conde e Teresa (Vilar de Flores-Allariz), Carmen González Fernández (Candeán-Vigo), Pilar Lema Alvarellos (Muxía), Paloma López Préstamo (O Porriño), Benito Peleteiro (Boiro), María Rosario Pérez Pazó (Barreiro-Vigo), Isabel Rial (Leiro), Miguel Calero (Baiona), Baltasar Patiño (Valadares-Vigo), Cruz Caballero (Ourense), Rita e Constante Salas (Albeos-Crecente), Américo Fernández e Lisardo (Urgal-

Belesar-Baiona), Florencio (Borreiros-Gondomar), Nieves Costas Rodríguez (O Viso-San Pedro-Nigrán), Rosa (Vilaxoán-Vilagarcía), María Xesús (Vilar de Barrio), Xosé (Xinzo de Limia) e María (Ribadetea-Ponteareas).

2. Recadádiva

Abreviaturas e símbolos

COL. = coloquial

comp. = expresión comparativa.

fór. = fórmula

L.adv. = locución adverbial

L.adx. = locución adxectiva

L.s. = locución substantiva

L.v. = locución verbal

VULG. = vulgar

= cita literal de como foi ouvida a expresión

Locucións substantivas

1. **coello de dous tobares** *L.s.* COL. Persoa que sempre ten recursos, que sempre ten solucións ou saídas. —*A ver se o Pedrosa lle gaña ao Valentino Rossi.* — *Ese Rossi é un coello de dous tobares.* Teis, Vigo.
2. **man aberta** *L.s.* COL. Persoa desprendida, xenerosa. *A Neves é unha man aberta, dá todo o que ten.* O Viso, San Pedro, Nigrán.
3. **cu de medo** *L.s.* COL. Persoa moi medrosa; medroso. *A operación non supón risco ningún mais o cu de medo ese non dorme pensando nela.* | *Eu non che son moito cu de medo, son un home valente.* Val de Miñor.

Locucións adxectivas

4. **de boa cona** *L.adx.* VULG. Contento, con bo humor. *Aquel día debeuno coller de boa cona que non lle puxo problema ningún.* Concello de Vigo.
5. **de trompas** *L.adx.* COL. Incomodado, de mau humor. [Úsase con verbos como *andar, estar, quedar, seguir ou vir*]. *Inda segue de trompas co pai?* # seguir de trompas (Sofán, Carballo).
6. **limpo coma unha escaina** *comp.* COL. Moi limpo. *Despois de lavar*

o encamado, o auxiliar díxolle: quedaches limpo coma unha escaina. Concello de Ponteareas.

7. **máis mao cá estricnina** *comp.* COL. Moi mau, moi ruín. *Aquel home era máis mao ca a estricnina.* # ser máis malo que a estricnina. (Val de Miñor).
8. **mazado coma un choco** *comp.* COL. Moi canso. *Vou para a cama que esto*
9. **(mollado) coma a lama** *comp.* COL. Moi bébedo. *Saía cos amigos e chegaba á casa coma a lama e non había quen o aturase.* # estar coma a lama (Vilaxoán, Sobrán, Vilagarcía de Arousa).
10. **que non se lambe** *L.adx.* COL. Considerábel, grande. *Estaba cunha maiola que non se lambía.* | *Onte, cando volví para a casa, viña cunha tranca que non me lambía.* Concello de Vigo.

Locucións verbais

11. **apertar as carabuñas** *L.v.* COL. Facer economías, reducir o gasto. *Estamos en tempos de crise, hai que apertar as carabuñas.* # apertar as carabuñas (Concello de Redondela).
12. **bater a chanca** *L.v.* COL. Andar, dar unha volta, ir dun lado para outro,

- andar dun lado para outro e en balde. *Esta mañá fuches bater a chanca á praia de Lourido, ¿non si? # bate-la chanca* (Vilar de Flores, Allariz).
13. **casar a carón da estrada** *l.v.* COL. Casar con persoa rica. *Casou a carón da estrada: o seu home tiña moitas bateas, sempre a agasallaba con sacos de mexillóns.* # casar a carón da carretera (Concello de Lalín).
14. **comer o demo** [alguén] *l.v.* COL. Desesperarse, consumirse, estar intranquilo. *Aquela vez que estiven doente na cama sen me poder erguer comíame o demo.* Concello de Vigo.
15. **cortar ao bico** *l.v.* COL. Botar menos comida, non comer de máis. *Teño que lle cortar ao bico que engordei dous quilos estes días que pasei na aldea.* Concello de Vereá.
16. **dar ao badalo** *l.v.* COL. Falar moito. *Olla que lle dá ao badalo o teu irmán, é insoportábel.* # darlle ao badelo (Concello do Rosal).
17. **dar ao laquete** *l.v.* COL. Falar; falar moito, falar sen parar. *Mira que o teu irmán Manolo lle dá ao laquete! É un laretas.* Concello de Silleda.
18. **dar ao trapo** *l.v.* COL. Falar moito. *Non te cansas de lle dar ao trapo.* Concello do Rosal.
19. **enfiar polo cu dunha agulla** [alguén] *l.v.* COL. Facer [con alguén] o que quere [por ser moi agudo, moi espelido]. *O neno é máis fino ca ti, que aínda te vai enfiar polo cu dunha agulla.* A Magdalena, Ribadelouro, Tui.
20. **entregar a carabuña** [a alguén] *l.v.* COL. Acceder a ter relacións sexuais [con alguén]. *Ti vai falar con ela e dille: Cando me entregas a carabuña? # entrega-la carabuña* (Urgal, Belesar, Baiona).
21. **facer azo para** [algo] *l.v.* Buscar a ocasión para [algo]. *Teño que facer azo para ir ver a miña avoa. Xa hai moito tempo que non a vexo.* Porto, Vilar de Barrio.
22. **facer magas** *l.v.* COL. Facer moi ben algo, ter moito éxito, sobresaír. *Con esa moza que tan ben danza, faría eu magas no baile.* # facer maghas (Canido, Vigo).
23. **ir para a choupela** *l.v.* COL. Morrer. *Aquí xa quedamos poucos, imos indo todos para a choupela.* Concello de Cervantes.
24. **meter o barco nas pedras** *l.v.* COL. Facer mal algo, actuar de maneira equivocada, meterse en dificultades, fracasar. *Ben me avisaron mais non lles fixen caso e acabei metendo o barco nas pedras con ese negocio.* Concello da Caniza.
25. **pasar [a alguén] coma á lombriga: saír da merda e morrer** *l.v.* VULG. [Dise de quen, despois dunha vida de traballo ou de pobreza, consegue saír adiante mais morre logo]. *A eses dous pousafoles pasoulles coma á lombriga, saíron da merda e morreron.* # pasoulle como á lombriga saliu da merda e morreu (Concello de Crecente).
26. **pasar [u.c. a alguén] por vez (coma o fachuco ao cabalo)** *l.v.* COL. Pasar [unha cousa] por outra sen que o sexa, valer [unha cousa] por outra, conformarse [cunha cousa]. *Esta pescada non é ningunha marabilla mais pásalle por vez coma o fachuco ao cabalo.* Santiago de Compostela.
27. **quentar o rabo ao porco** *l.v.* COL. Molestar, incomodar [alguén]. *Deixa xa de lle quentar o rabo ao porco con eses comentarios.* # non lle quentes o rabo ao porco (Concello de Leiro).

28. **quitar a fala** [a alguén] *l.v.* Deixar de falar [a alguén], romper as relacións [con alguén]. *Ainda por riba de se portar tan mal comigo quitoume a fala.* Concello de Vigo.
29. **ser máis difícil ca cagar un boi nun cesto** *l.v.* VULG. Ser moi difícil [unha cousa]. *Aprobar esa materia é máis difícil ca cagar un boi nun cesto.* Concello do Rosal.
30. **ser o rabo que sobra** *l.v.* COL. Sobrar. *O capataz sempre nos dá traballos raros. Eu creo que non saben onde meternos, somos o rabo que sobra.* # somos o rabo que sobra (Concello de Vereá).
31. **ter millo vello no canizo** *l.v.* COL. Ter reservas económicas, aforros. *Moito ten aforrado ese home, ten millo vello no canizo.* # ter millo vello no canizo. (Concello da Guarda).
32. **tirar a febra** [a alguén] *l.v.* COL. Gustar das mulleres. *Ao teu tío sempre lle tirou moito a febra!* Concello de Vigo.
33. **tocar a bucina** [a alguén] *l.v.* COL. Molestar, importunar [alguén]. *Xa está ese a tocar a bucina, que repugnante é!* # toca-la bocina (Vilar de Flores, Allariz).
34. **tocar o berimbau** [a alguén] *l.v.* COL. Amolar [alguén]. *Non sei que coche comprar, se de gasolina, gasóleo ou mixto, ¿ti cal cres que compensa? – Non me toques o berimbau!* # non me toques o birimbau (Concello do Rosal).
35. **traballar coma unha besta** *l.v.* COL. Traballar moito. Traballa coma unha besta e un home non é un cabalo. Necesita descanso. Valadares, Vigo.
- Locucións adverbiais**
36. **a dereito** *l.adv.* Ben, cabalmente, da maneira correcta, como debe ser. *Esas explicacións do profesor non as entendín a dereito.* # non entender a dereito (Concello do Rosal).
37. **a paso de galiña** *l.adv.* COL. Con lentitude, moi devagar. *Ese, coma sempre, a paso de galiña, é que non acaba nunca.* Concello de Vigo.
38. **a todo filispín** *l.adv.* COL. Con rapidez, velozmente. *Comeu a todo filispín e foise porque perdía o autobús.* Concello de Cangas.
39. **a tombos** *l.adv.* Con abundancia, en cantidade. *Nese traballo fixo diñeiro a tombos.* Concellos de Lalín e Agolada.
40. **ás envoltas** *l.adv.* COL. Dando voltas. [Úsase xeralmente co verbo *andar*]. *A ver, Xosé, que andas aí ás envoltas? Ven xantar que xa están os convidados todos á mesa!* Vilar de Infesta, Redondela. *u mazado coma un choco.* # estar mazado como un choco (Concello de Vigo).
41. **coma a cabra e o coitelo** *l.adv.* COL. Moi mal, con má convivencia. [Úsase xeralmente con verbos como *andar, darse, estar, levarse...*]. *Andan coma a cabra e o coitelo e en vez de adiantaren no traballo, atrasan.* # andar como a cabra e o coitelo (Concello de Vereá).
42. **coma un rei nunha cesta** *l.adv.* COL. Moi ben, moi comodamente, á vontade. [Úsase con verbos como *encontrarse, estar* ou *ir*]. *Xeliño, estás aí, na cadeira, coma un rei nunha cesta.* Albeos, Crecente.
43. **da roda para a piola** *l.adv.* COL. Dun sitio para outro sen parar [Úsase con verbos como *andar, estar, traer, etc.*]. *Estes abusóns de xefes tráennos da roda para a piola todo o día, non nos*

dan acougo. Acaba un moído coma o sal. # andamos da roda prá piola (Concello de Verea) ¹.

¹ N. da Red.: Expresión xa inusual e de orixe escura para a que se ofrecen aquí dúas hipóteses. I. A **piola** é un “fío de moito grosor ou corda moi delgada” (DRAG) coa que, entre outras cousas, se fai xira-la buxaina, pión ou trompo e así se di *dar moita piola* que significa “conceder excesiva liberdade” [a alguen]” (CRESPO POZO, P. José Santiago (1982): *Nueva Contribución a un Vocabulario Castellano-Gallego*. III; Sada: Edicións do Castro; 402). A **roda**, en cambio, debe de se-lo círculo que os nenos marcan no chan para botaren nel a rolar os seus piños, buxainas ou trompos. Así que (*andar*) *da roda para a piola* debe de se-lo que fai o pión, buxaina ou trompo: sempre mareado, dando voltas no chan dentro da roda, e despois, na man do neno, que o ata coa piola ben apretadiño da punta ó curuto, para volvero a bailar no chan dentro da roda. O pión, buxaina ou trompo, sempre *da roda á piola*, parece unha boa metáfora das cousas que andan sempre zarandeadas e, quizais tamén, das persoas que teñen que andar sempre correndo “dun sitio para outro, sen parar” pero non porque elas se movan de seu, senón porque as circunstancias ou outras persoas as zarandean ou as obrigan a andar sempre correndo. Aplicado a cousas sería o uso que se observa neste texto único que encontramos no TILG (<http://www.ti.usc.es/tilg/>): “Algunha mente egrexia decidiu perseguí-lo [o galego], como símbolo de paifoquismo aldeán i eivadismo intelectual con un coñecido método, que xa fora utilizado noutras latitudes: o anelo. Pola mañá cedo trá-la misa entregabanlle a sortela ó primeiro pardal que atopaban. Iste doaballa a quen ouvía falar en galego e así camiñaba endiante o anelo, *de rodas para piolas*, deica o vexigas que ficaba con el pola noite, á hora do exame de concencia, última cerimonia do ciclo cotián. O castigo consistía na ‘albenda’ de peitar cinco pesetas. ¡Cántos pesiños coticei!”. (ESTÉVEZ, Xosé (2002): *A Lagoa da memoria*. Trintxerpe, Pasaia: Fato Cultural Galego Daniel Castelao; 96). Pero a locución *da roda para a piola*, aplicada a persoas, podería te-lo significado de “padecendo abuso ou explotación”: ese parece se-lo significado do testemuño rexistrado en Verea polo colector. Esta locución é descoñecida en case toda Galicia, polo que parece un caso único que ben merecía conservarse, aínda que non é un “hápx legómenon” porque hai esoutra cita de Xosé Estévez que rexistra o TILG. 2. Dada a escaseza de datos, tampouco podemos

44. **nas minchas** *l.adv.* COL. Moi distraído, moi despistado, sen decatarse do que ocorre. [Úsase con verbos como *andar* ou *estar*]. *Estás nas minchas, non me prestas atención.* # *estar nas minchas (Concello de Vigo).*
45. **por portas** *l.adv.* Sen diñeiro, sen posesións, sen recursos [Úsase con verbos como *andar*, *deixar*, *estar*, *quedar...*]. *Como sigas gastando a ese ritmo vas quedar por portas.* # *quedar por portas (Concello de Cenne).*
46. **onde pisa o boi** *l.adv.* COL. En terra [por contraposición a “no mar”]. *Gusto do mar, mais eu prefiro estar onde pisa o boi.* # *Ouvido na TVG a unha persoa da costa galega falando espontaneamente.*

Fórmulas

47. **A conta vai boa!** *fór.* COL. [Expresa contrariedade ou lixeiro desgusto ante algún contratempo]. *–Pois non, non teño móbil. –A conta vai boa!* Ribadetea, Pontearreas.
48. **A vergonza era verde e comeuna un burro.** *fór.* COL. [Úsase para criticar, con humor, a falta de pudor de alguén para facer algo pouco aceptábel]. *–Olla que putada lle fixo. –A vergonza era*

descartar totalmente outra posible explicación que nos ofrece Antón Santamarina: a roda (con coitelas) foi un instrumento de martirio (lebrémo-las imaxes de santa Catarina da Roda) e tamén a roda dentada que teñen algunhas esporas na parte traseira para pica-lo cabalo na barriga. A piola, en cambio, era unha argola coa que se ataba o pé dun condenado e aínda hoxe é a corda coa que se atan os pés das reses matadas para colgalas. Se esta explicación fose a verdadeira, o significado de *da roda para a piola* tería que ser “de mal en peor”. ¿Cal das dúas explicacións é máis verosímil? Por ter máis presenza na vida da xente o xogo dos nenos cá tortura dos condenados, parece máis probable que a imaxe nacesse do xogo dos nenos.

- verde e comeuna un burro.* Concello de Vereá.
49. **Con que xente me metín ao mar!** *fór.* COL. [Dise para comentar a pouca valía ou as más calidades das persoas]. *Non me decatei, con que xente me metín ao mar!* Concello de Redondela.
50. **Do demo para a nai pouca diferenza hai.** *fór.* COL. [Expresa que hai pouca diferenza entre dúas cousas ou persoas]. *Tanto el coma ela sonche dúas boas pezas, como di o outro: do demo para a nai pouca diferenza hai.* # do demo para nai pouca diferenza hai. (Ouvido en Vigo).
51. **Manda carallo (na Habana)!** *fór.* VULG. [Úsase para expresar admiración, sorpresa ou asombro]. *Manda carallo na Habana!, que muller máis bonita!* Concellos de Rianxo, Vigo e Vereá.
52. **Nin tanto ¡arre! que fuxas nin tanto ¡xo! que te quedes.** *fór.* COL. [É conveniente fuxir dos extremos e procurar un termo medio]. *Non era necesaria semellante limpeza, ao final botaches ao lixo cousas que eran útiles: nin tanto arre que fuxas nin tanto xo que te quedes.* Barreiro, Lavadores, Vigo.
53. **Tócalle o nabo!** *fór.* VULG. [Expresa admiración, sorpresa ou desgusto]. *Nunha aldea marcharon todas as mulleres e quedaron só homes, porque a vida da montaña é moi dura e casaron por aí con outros, ¡tócalle o nabo!* Concello de Chandrexa de Queixa.
54. **Tomara (eu)/tomaras (ti) que +** (oración subordinada completiva en modo subxuntivo) / **Tomara (eu)/tomaras (ti) +** (oración de infinitivo) [Expresa o desexo ou vontade do suxeito de que se realice o que se di na oración subordinada ou de infinitivo]. *Tomaran eles que non lles chova mañá, se non, vano ter difícil.* | *Tomaras ti ter unha casa así para vivir.* Ribadelouro, Tui.
- Refráns**
55. **A cabra co vicio dá cos cornos no cu.** *Refrán* [Cando unha persoa ten vicio, acaba prexudicándose a si mesma]. *O Afonso tiña de todo e botouse á bebida, a cabra co vicio dá cos cornos no cu.* Candeán, Vigo
56. **A can fraco todo son pulgas.** *Refrán* [Canto máis débil é unha persoa ou un grupo, máis desgrazas lle veñen]. *As bacterias patóxicas teñen tendencia a atacar os máis febles, o que che vén sendo “a can fraco todo son pulgas”.* Candeán, Vigo.
57. **A can vello, cus cus.** *Refrán* [É difícil enganar a quen ten experiencia. (“Cus cus” é voz para chamar os cans)]. *Tratou de o enganar con mentiras, mais a can vello, cus cus.* Candeán, Vigo.
58. **A comida, repousada; e a cea, paseada.** *Refrán* [Recomenda descansar despois do xantar e pasear despois da cea]. *Imos camiñar un pouco deica a aldea veciña: a comida repousada e a cea paseada.* Concello do Porriño.
59. **A misa e o pemento é de pouco alimento.** *Refrán* [Pode ser unha desculpa para non ir á misa]. *–E logo non vas á misa? –A misa e o pemento é de pouco alimento.* Concello do Rosal.
60. **A muller casa tres veces: primeiro co home, despois cos fillos e despois co home.** *Refrán* [A muller cando ten fillos desatende o home e despois volve unirse a el outra vez, cando se

- ve soa]. –*Agora que os fillos están a estudar fóra, véxoa moito máis con el.* –*Madia leva: a muller casa tres veces: primeiro co home, despois cos fillos e despois co home.* # a muller cásase tres veces: primeiro co home, despois cos fillos e despois co home. (Candeán, Vigo).
61. **A ocasión fai o gato ladrón.** *Refrán* [Ás veces óbrase mal por ter a oportunidade de facelo]. *Presentóuselle a ocasión e non puido resistir: a ocasión fai o gato ladrón.* Concello de Mos.
62. **A onde irás boi que non ares.** *Refrán* [Onde queira que vaiamos de seguro que teremos que traballar, e moito, coma en todos os sitios]. *Con certeza que vas cobrar un pouco máis, con todo, non penses que vai ser máis fácil: xa din “a onde irás boi que non ares”.* # a donde irás boi que non ares (Candeán, Vigo); onde irás boi que non ares (Concello de Gomesende).
63. **A rei morto, rei posto.** *Refrán* [Expressa a rapidez con que se substitúe unha persoa ou un cargo]. *Ficou viúvo e aos dous meses casou con outra. Como di o outro: a rei morto, rei posto.* Candeán, Vigo.
64. **A sorte do pobre é a muller preñada e a vaca maniña.** *Refrán* [O pobre non ten sorte con nada]. –*Fixate ti cantas desgrazas lle levan ocorrido...* –*A sorte do pobre é a muller preñada e a vaca maniña.* Concello de Fornelos de Montes.
65. **A todo porco lle chega o seu san Martiño.** *Refrán* [A toda persoa lle chega a hora de sufrir ou de ter unha desgraza, etc.]. *Non te preocupes que xa lle tocará, a todo porco lle chega o seu san Martiño.* Candeán, Vigo.
66. **A verdura en xaneiro sabe a carneiro.** *Refrán* [As hortalizas neste mes teñen bo sabor]. –*Que sabedeiras son estas verzas!* –*A verdura en xaneiro sabe a carneiro.* Concello de Leiro.
67. **Agosto marchou, o que mallou, mallou.** *Refrán* [Quen aproveitou o bo tempo para traballar no campo fixo ben, quen non o fixo, xa non o pode facer porque vén o mao tempo]. *Non aproveitaches a oportunidade: agosto marchou, o que mallou, mallou.* Candeán, Vigo.
68. **Ano de herba, ano de merda.** *Refrán* [Refírese a que se hai moita herba tamén hai moita broza, herbas ruíns]. *Este ano choveu moito e houbo pouco sol, así que as colleitas foron ruíns, como di o outro: ano de herba, ano de merda.* Concello de Muxía.
69. **Até o corenta de maio a vella non quita o saio.** *Refrán* [Non nos debemos desabrigar até mediados de xuño]. *Leva algo por riba. Xa sabes: até o corenta de maio a vella non quita o saio.* # asta o corenta de maio, a vella non quita o saio (Candeán, Vigo).
70. **Boi só ben se lambe.** *Refrán* [Cando os bois están xunguidos non se poden lamber ben porque o xugo non llelo permite. Mais cando están ceibos teñen completa liberdade de movementos. O refrán refírese a que as persoas solteiras están ben como están]. *Se vives só non tes que lle dar explicacións a ninguén. Gozo da miña soidade, boi só ben se lambe.* # boi solo ben se lame (Candeán, Vigo).
71. **Burra vella non aprende andadura e, se a aprende, pouco lle dura.** *Refrán* [As persoas vellas non aprenden facilmente cousas novas]. *Está claro que os vellos non poden resolver os*

- mesmos problemas que resolvían antes coa mesma facilidade: burra vella non aprende andadura e se a aprende pouco lle dura.* Concello de Mos.
72. **Cabra coxa non ten sesta e, se a ten, mal lle presta.** *Refrán* [O que é lento non pode descansar]. –*Aínda estás aí facendo iso? –Estou ¿e logo? cabra coxa non ten sesta e se a ten mal lle presta.* Concello de Avión.
73. **Cando as cousas che van mal, até che saen cornos.** *Refrán* [Refírese a situacións en que as desgrazas se suceden]. *Cando as cousas che van mal, até che saen cornos, mais unha raiola de sol fai todo máis levadío, non te agoníes porque vou estar contigo sempre.* # *cando as cousas che van mal, asta che salen cornos* (Candeán, Vigo).
74. **Cando en marzo maiea, en maio marcea.** *Refrán* [Cando vai bo tempo en marzo, en maio vai mao]. *En maio imos facer a nosa festa sempre que o tempo acompañe porque parece que se vai cumprir o refrán: cando en marzo maiea, en maio marcea. Agardo que maiee en maio aínda que só sexa ese día.* Concello de Cangas.
75. **Cando está o ano de pulgas, non vale cambiar a camisa.** *Refrán* [Non vale de nada loitar cando as circunstancias son moi adversas]. *Moita chuvia, unha vez tras outra, chuvia, temporal... é a sementeira da pataca, cando está o ano de pulgas, non vale cambiar a camisa.* Concello de Xinzo de Limia.
76. **Casadiños casa queren.** *Refrán* [Un casal novo necesita vivir só]. *Prefiro mil veces vivir coa miña muller nun lugar pequeniño que cos meus sogros ou cos meus pais, mais se a situación económica fose moi difícil tería que*
- o facer, mais sempre coa idea de ter un lugar propio para nós, porque casadiños casa queren.* Candeán, Vigo.
77. **Como te ves, me vin; e como me ves, te verás.** *Refrán* [Dillo unha persoa vella a unha nova que presume da súa mocidade]. *Cómpre aproveitar a experiencia dos vellos e axudalos se se encontraren nunha má situación, porque como te ves me vin e como me ves te verás.* Concello de Mos.
78. **De pequeno, rei; de mozo, capitán; de casado, burro; e de vello, can.** *Refrán.* [A medida que imos sendo máis vellos tratánnos con menos agarimo]. *De neno rei, porque fas o que queres, de mozo capitán, porque che parece que es o mellor; de casado burro, porque tes que traballar moito e de vello can, porque non podes nada e xa estás todo o día deitado.* # *de pequeno rei, de mozo capitán, de casado burro e de vello can* (Candeán, Vigo); *de neno rei, de mozo capitán, de vello can* (Concello de Marín).
79. **Detrás dos bicos vén o pendirico.** *Refrán* [Tras os prolegómenos vén facer o amor]. *A cousa comezou cuns chuchos e, xa se sabe, detrás dos bicos vén o pendirico.* Concello de Cotobade.
80. **Días de moito, vésperas de nada.** *Refrán* [Nas festas, despois de días de fartura acostumaban vir días de escaseza. Hoxe en día úsase para cando nos coinciden varias cousas nun mesmo día]. *Espero que non se cumpra aquel proverbio que di: días de moito, vésperas de nada, porque, estes días, a verdade é que teño que escoller entre os moitos concertos que hai na miña bisbarra.* # *días de moito, vísperas de nada* (Concello de Baiona).

81. **Fillos criados, traballos dobrados.** *Refrán* [Cando un xa cre que ten os fillos criados e pensa que non lle van dar máis traballos, entón é cando estes comezan de verdade: a mocidade, os casamentos, os netos e así por diante]. *Os desgustos de criar fillos non acaban cando se valen por eles sós, mesmo non deixa de habelos cando casan: fillos criados, traballos dobrados.* # fillos criados, traballos dobrados (Candeán, Vigo).
82. **Gaiola feita, paxaro morto.** *Refrán* [Normalmente refírese a cando alguén consegue algo na vida (como xubilarse ou acabar de facer unha casa) e entón sucédelle algo mau, como morrer]. *Traballar, traballar e, cando estás situado e podes respirar; vén o golpe; xa o di o refrán: gaiola feita, paxaro morto.* # xaula feita, paxaro morto (Concello de Crecente).
83. **Gaivotas á terra, mariñeiros á merda.** *Refrán* [Cando veñen as gaivotas para a terra, avéciñase mau tempo, e polo tanto máis pesca e perigo para os mariñeiros]. *Se ves que as gaivotas se afastan do mar e pousan na terraza da túa casa, prepara o paraugas, vén chuvia. Gaivotas á terra, mariñeiros á merda.* # gueivotas á terra, mariñeiros á merda. (Candeán, Vigo).
84. **Hai que estirarse segundo dea a manta.** *Refrán* [Non debemos gastar máis do que temos]. *Os meus ingresos non superan os 420 euros, entón se pode coller a barra de pan de 29 céntimos non levo a de 40, hai que estirarse segundo dea a manta.* Concello de Muxía.
85. **Home casado nin muller é.** *Refrán* [Emprégase cando se lle quere dicir a un home casado que non vale para nada]. *Isto de home casado nin muller é, parece que dá conta do triunfo da muller, mais eu que estou casada teño pesar a causa do mau paso dado.* Candeán, Vigo.
86. **Home pequeno, saco de veneno.** *Refrán* [Alude ao mau xenio de que teñen/tiñan fama os homes baixos]. *É o que nos pasa aos pequeniños, o que nos falta de estatura suplímolo con má hostia, hai moitos exemplos históricos, así que “home pequeno, saco de veneno”.* # home pequeno, saco de veneno (Candeán, Vigo).
87. **Home que non bebe nin fuma tabaco, vánselle os cartos por outro buraco.** *Refrán* [É unha xustificación dos que fuman e/ou beben viño]. *Home!, entre vivir 94 anos sen beber nin fumar ou vivir 80 a beber e a fumar, fico co segundo, amais “home que non bebe nin fuma tabaco, vánselle os cartos por outro buraco”.* Candeán, Vigo.
88. **Máis vale pano negro ca sombreiro gacho.** *Refrán* [Dito de mulleres para expresar que esperan vivir máis tempo ca o seu home]. *Como media as mulleres viven máis ca os homes, mais as mulleres enferman máis e envellecen máis rápido, así que non sei se “máis vale pano negro ca sombreiro gacho”.* Bouzas, Vigo.
89. **Máis vale quedar para vestir santos ca para espir borrachos.** *Refrán* [É preferíbel ficar solteiro ca casar cunha calamidade]. *O seu home non sae das tabernas, é o que digo eu, máis vale quedar para vestir santos ca para espir borrachos.* # máis vale quedar para vestir santos que para espir borrachos. (Vilar de Flores, Os Espiñeiros, Allariz).

90. **Marzo marzal, polo día cara de rosa, pola noite cara de can.** *Refrán* [En marzo adoita ir bo tempo de mañá e empeorar contra a tardiña]. –*Co ben que estivo a mañá...* –*Xa di o refrán: marzo marzal, polo día cara de rosa, pola noite cara de can.* Candeán, Vigo.
91. **Mentres estou coa nai non poden estar coa filla.** *Refrán* [Non se poden facer dúas cousas ao mesmo tempo]. *Ou fas unha cousa ou outra: mentres estou coa nai non poden estar coa filla.* # *mentras estou ca nai non poden estar ca filla* (Concello de Ourense).
92. **Moito traballa un burro e non che quita o aparello.** *Refrán* [Aínda que se traballe moito, se non se sabe dispor, ou se se gasta, non se sae da pobreza]. *Gañaron o premio da lotaría e deixaron de traballar, andaron a facer moitas loucuras e quedaron como estaban, a verdade é que moito traballa un burro e non che quita o aparello.* Vilar de Flores, Os Espiñeiros, Allariz.
93. **Muíño sen auga non move maquiá.** *Refrán* [Se non se traballa non se gaña]. *O bar de Maxi non pecha ningún día da semana. El di que muíño sen auga non move maquiá.* # *muíño sin auga non move maquiá* (Concello de Gomesende).
94. **Muller sen home na abada come.** *Refrán* [Unha muller soa comía aínda que fose na aba, mais se o home estaba na casa, a muller tiña que lle preparar o xantar e atendelo]. –*Hoxe non vou facer xantar.* –*Claro, tes o home fóra: muller sen home na abada come.* Barreiro, Lavadores, Vigo.
95. **Na casa do ferreiro espeto de pau.** *Refrán* [Aplícase a situacións en que nalgún sitio non achamos o que sería de esperar pola profesión da persoa, etc.]. *Lembro que o meu avó, que traballaba na construción, tiña o teito da casa a caer aos anacos; éche aquilo de “na casa do ferreiro espeto de pau”.* Val de Miñor.
96. **No ano bisesto, a anada cabe nun cesto.** *Refrán* [Os anos bisestos non teñen fama de anos de fartura]. *Esperemos que non sexa certo que no ano bisesto, a anada cabe nun cesto.* # *no ano bisesto, a nada cabe nun cesto* (Candeán, Vigo).
97. **No san Martiño trompos ao camiño.** *Refrán* [Polo san Martiño é a época de os nenos xogaren cos peóns]. *Este ano fixemos caso do proverbio “no San Martiño trompos ao camiño” e aproveitamos o magosto para pór as buxainas a danzar.* Candeán, Vigo.
98. **No san Xoán, a vella pregunta cando vén o verán.** *Refrán* [En xuño xa temos gana de que veña o verán]. *No san Xoán, a vella pregunta cando vén o verán, sen présas, prolongando os seráns até lle tirar proveito á noite e deixando que os corpos se relaxen; si, é verdade, queremos sol.* # *no san Xoán, a vella pregunta cando vén o vran* (Candeán, Vigo).
99. **Non hai peor cuña ca a do mesmo pau.** *Refrán* [Cando se pon a mal con un, non hai peor inimigo ca o que é da mesma familia ou foi amigo ou coñecido, ou do mesmo bando]. *Un xogador de fútbol, por exemplo, cando xoga contra o seu ex-equipo acostuma tirar máis proveito, pois coñece detalles do seu antigo club, que pode usar en beneficio do novo.* *Non hai peor cuña ca a do mesmo pau.* Candeán, Vigo.

100. **Non hai pouco que non chegue nin moito que non farte.** *Refrán* [O pouco ben repartido sempre chega e o moito sempre é excesivo]. *Non hai pouco que non chegue nin moito que non farte, esa é unha boa filosofía de vida, mágoa que estea en desuso.* Concello do Carballiño.
101. **Non se fai palleiro sen palla.** *Refrán* [O que está gordo é porque come]. *Por moito que diga que come pouco, eu non o creo: non se fai palleiro sen palla.* # non se fai palleiro sin palla (Concello de Gomesende).
102. **Non se sabe de quen é o burro até que morre o arrieiro.** *Refrán* [Non se coñecen as pertenzas das persoas até que lles chega a hora da morte]. *Ficamos abraiados cando chegaron as últimas vontades e o notario leu o testamento: era inmensamente rico e non parecía, pois vivía dunha forma moi sinxela e austera. Abofé que “non se sabe de quen é o burro até que morre o arrieiro”.* # non se sabe de quen é o burro asta que morre o arrieiro (Candeán, Vigo).
103. **Non sirvas a quen serviu nin ames a quen amou.** *Refrán* [Acostuma acontecer que quen pasa dunha posición baixa a unha superior é máis esixente cos de abaixo]. *Ese xefe é demasiado esixente convosco, comezou desde moi abaixo e con traballos moi duros, xa din alí “non sirvas a quen serviu nin ames a quen amou”.* Concello de Fornelos de Montes.
104. **Nunca choveu que non escampase.** *Refrán* [Todos os problemas teñen unha solución. Non sempre van saír as cousas mal, nalgún momento teñen que mudar]. *Non desesperedes que nunca choveu que non escampase.*
- Xa veredes como todo se arranxa.*
Concello de Ourense.
105. **O cuco a cucar, a rola a rolar, colle o cestiño e vai sementar.** *Refrán* [A chegada da primavera é o tempo da sementeira]. *O cuco a cucar, a rola a rolar, colle o cestiño e vai sementar. A primavera é a época en que máis traballo hai no agro. Hai que preparar o campo para sementar, estercar e arar. Tamén hai que ir collendo a herba para facer os silos, botar o millo, as patacas e a horta. Todo isto sen esquecer os animais, que poden estar tendo crías.* Candeán, Vigo.
106. **O diñeiro e os collóns son para as ocasións.** *Refrán* [O valor demóstrase cando fai falta e o diñeiro gástase cando se precisa]. *Perdiches o autobús? Pois colle un taxi, home; o diñeiro e os collóns sonche para as ocasións. Non vas deixar de ir ao exame!* Concello de Covelo.
107. **O falar non ten cancelas.** *Refrán* [Cadaquén pode dicir o que queira]. *–O presidente do goberno di que non vai facer recortes. –O falar non ten cancelas.* Candeán, Vigo.
108. **O que chega tarde mal aloxa.** *Refrán* [Quen chega tarde non pode escoller aloxamento e ten que se conformar co que haxa]. *Fuches procurar unha pensión tan tarde que, ao final, tiveches que durmir na estación. O que chega tarde mal aloxa.* Concello do Rosal.
109. **O que chega tarde non oe misa nin come carne.** *Refrán* [Quen chega tarde perde a oportunidade]. *E ven cedo, que o que chega tarde non oe misa nin come carne.* Concello do Rosal.
110. **O que fai os fillos na muller allea perde os fillos e a feitura.** *Refrán* [Se investimos tempo ou traballo en algo

que non nos pertence, perdemos o tempo e o beneficio. Aplícase a moitas situacións]. *Dedicou tanto tempo a axudar nese proxecto e cando se rematou nin o mencionaron: o que fai os fillos na muller allea perde os fillos e a feitura*. Valeixe, A Caniza.

111. **O que non pode ser é empreñar sen foder.** *Refrán* [Aplícase a cousas imposíbeis]. *Pretende aprobar e non estuda nada. Desa maneira non vai conseguir resultados porque o que non pode ser é empreñar sen foder*. # o que non pode ser é empreñar sen ghoder (Concello de Cotobade).
112. **O que se acolle debaixo da folla, dúas veces se molla.** *Refrán* [Este refrán desaconsella acubillarse debaixo dunha árbore]. *Cómpre non te refuxiares debaixo dunha árbore porque “o que se acolle debaixo da folla, dúas veces se molla”*. # o que se acolle debaixo da folla, dúas veces se molla (Candeán, Vigo); o que se abriga debaixo da folla dúas veces se molla (Concello de Leiro).
113. **O que ten boa noite non pode ter bo día.** *Refrán* [Dise de quen ten un mao día despois dunha noite de esmorga]. *Non é milagre que teñas este día: “o que ten boa noite non pode ter bo día”*. Concello de Gomesende.
114. **Obra comezada non cha vexa sogra nin cuñada.** *Refrán* [Porque van pórllle obxeccións a todo]. *Aconsélloche discreción cando fagas o testamento, pois quen se considere prexudicado teimará para que o redactes doutro xeito, xa sabes, obra comezada non cha vexa sogra nin cuñada*. Concello do Porriño.
115. **Os irmáns son coma auga de lavar as mans e os sobriños coma os cans dos veciños.** *Refrán* [Recomenda este refrán non se fiar de ninguén]. *Era unha familia ben levada mais desde o momento da herdanza deixaron de falarse. Os irmáns son coma auga de lavar as mans e os sobriños coma os cans dos veciños*. # os irmáns son coma auga de lava-las mans e os sobriños coma os cans dos veciños (Valeixe, A Caniza).
116. **Ósos de soán, barba untada e barriga en van.** *Refrán* [Os ósos da soá son as vértebras do porco. Para lle aproveitar a carne a cada óso hai que se untar, aínda que é pouca carne]. *Enlarafuzarse tanto para tan pouca cousa: ósos de soán, barba untada e barriga en van*. Concello de Leiro.
117. **Papas e sorber non pode ser.** *Refrán* [Refírese a cousas que se non poden facer ao mesmo tempo por seren incompatíbeis. (As papas non se poden sorber, se queres sorber tes que tomar outra cousa)]. *De onde vai saír o diñeiro para nos daren mellores servizos se se pretende facer a maior baixada de impostos da democracia? Como din os nosos vellos, papas e sorber non pode ser*. (Vilar de Flores, Os Espiñeiros, Allariz).
118. **Paxaro vello en galla seca non poua.** *Refrán* [Este proverbio fálanos da experiencia]. *Indurain non respondeu ao ataque enfurecido de Chiappucci, seguiu ao seu ritmo. Paxaro vello en galla seca non poua*. Concello de Soutomaior.
119. **Pipa de viño bo e home forte, pouco duran.** *Refrán* [Porque os dous se gastan á présa]. *Se vises como era de novo...! Éche ben certo, pipa de viño bo e home forte, pouco duran!* Candeán, Vigo.

120. **Pola noite navíos, pola mañá gamelas.** *Refrán* [Aplicase a cando alguén fai uns plans moi ambiciosos e despois ten que os refacer consonte a realidade. Refírese sobre todo a rapaces novos]. –*Mañá vou acabar o traballo e despois vou xogar ao tenis cuns amigos.* –*Si, ho, xa te coñezo, pola noite navíos, pola mañá gamelas.* # pola noite navíos, pola mañán gamelas (Concello de Boiro).
121. **Por campar, rabiar.** *Refrán* [Para presumir hai que sufrir]. *Papei un frío tremendo para a foto, mais ficaba mellor sen a chaqueta e, como di a miña avoa: por campar, rabiar.* # por campar, rabear (Vilaxoán, Sobrán, Vilagarcía de Arousa).
122. **Quen con nenos se deita, mexado se levanta.** *Refrán* [Aplicase a cando se espera algo de xente nova e esta falla]. *Xa che advertín que che ía pasar iso por andares con xente inmatura. Quen con nenos se deita, mexado se levanta.* Candeán, Vigo.
123. **Quen de novo non traballa, de vello dorme na palla.** *Refrán* [Refírese á necesidade de traballar e aforrar para cando un sexa vello]. *Teste que formar para conseguir un bo traballo porque quen de novo non traballa, de vello dorme na palla.* # quen de novo non traballa, de vello durme na palla (Concello de Baiona).
124. **Por san Xoán a sardiña pinga o pan.** *Refrán* [Alude á mellor época para comer a sardiña, que é a partir do san Xoán, cando teñen máis graxa]. *Vai comprar unhas sardiñas á peixaría para o xantar que están agora no tempo. Xa sabes: por san Xoán a sardiña pinga o pan.* # por san Xoán a sardiña pinga o pan (Barreiro, Vigo); a sardiña en san Xoán pinta no pan (concello de Baiona).
125. **Prometer até meter; e despois de metido, nada do prometido.** *Refráns* [Refírese ás relacións sexuais antes do matrimonio]. *A moza quedou para diante mais el rachou coa relación: prometer até meter e despois de metido nada do prometido.* # prometer asta meter e despois de metido nada do prometido (Concello de Mos).
126. **Refrán de vellos non falla.** *Refrán* [Os refráns son infalíbeis]. *Refrán de vellos non falla: o que parte e reparte, leva a mellor parte!* Urgal, Belesar, Baiona.
127. **Reunión de raposas, perdición de galiñas.** *Refrán* [Alude a un grupo de persoas que están a tramar algo contra alguén]. –*Xuntáronse hoxe. Pouco bo podemos esperar os de aquí abaixo.* –*Ai!, iso xa o sabes.* *Reunión de raposas, perdición de galiñas.* (Candeán, Vigo).
128. **Rubias á Franqueira, mulleres á borralleira.** *Refrán* [Se hai rubiéns pola parte da montaña, para o día seguinte haberá mao tempo (as mulleres estarán dentro das casas arredor do lume)]. *No solpor vin nubes rubias cara ao monte, mañá vai chover.* *Rubias á Franqueira, mulleres á borralleira.* Candeán, Vigo.
129. **Rubias ao mar, as mulleres a asollar.** *Refrán* [Se hai rubiéns contra o mar, o día seguinte irá bo día e as mulleres poderanse pór ao sol]. *No solpor vin nubes rubias que estaban cara ao mar, mañá vai estar bo día.* *Rubias ao mar, as mulleres a asollar.* # rubias ao mar, as mulleres a sollar (Candeán, Vigo).
130. **Se capo, non asubío.** *Refrán* [En canto se fai unha cousa non se pode facer

- outra]. *É importante facer cada cousa no seu momento e non facer dúas cousas a un tempo, lembra: se capo non asubío.* Concello de Ourense.
131. **Se o ceo está caspento hai chuvia ou vento.** *Refrán* [O ceo semellando escamas é sinal de chuvia ou vento]. –*Olla esas nubes.* –*Se o ceo está caspento hai chuvia ou vento.* Val de Miño.
132. **Se queres que te siga o can, dálle pan.** *Refrán* [Ninguén fai un favor sen esperar algo a cambio]. *Untei o arquitecto municipal para que me permitise facer un alboio, se queres que te siga o can, dálle pan.* Concello do Porriño.
133. **Sempre se coceu con leña verde e hase seguir.** *Refrán* [Úsase para dicir que unha cousa ou un feito sempre foi así]. *A xente nova ten que moverse, sempre se coceu con leña verde e hase seguir.* Concello de Lugo.
134. **Sogra e nora, can e gato, non comen no mesmo prato.** *Refrán* [Segundo crenza popular, sogra e nora danse mal]. *Iso de “sogra e nora, can e gato, non comen no mesmo prato” éche un tópico, pois eu estou namorada da miña nora.* Concello do Porriño.
135. **Tempo non vai, sementeira non perde.** *Refrán* [Até que non mellora o tempo non se debe sementar porque se perde o tempo, non se adianta nada]. *Eu esperaríaa para sementar: tempo non vai, sementeira non perde.* Candeán, Vigo.
136. **Un día bo en febreiro é un ladrón no eido.** *Refrán* [Cando se adianta a primavera enganosamente, despois veñen de novo as xeadas e queiman todo]. *No mes de febreiro o tempo atmosférico é moi variábel, un día bo en febreiro é un ladrón no eido.* Candeán, Vigo.
137. **Un día bo en xaneiro, mao no eido.** *Refrán* [O bo tempo en xaneiro é mao para a agricultura]. *Este bo tempo non me gusta nada: un día bo en xaneiro, mao no eido.* # un día bo en xaneiro, malo no eido (Concello de Leiro).
138. **Un pai mantén vinte fillos e vinte fillos non manteñen un pai.** *Refrán* [É máis frecuente ver pais vellos abandonados polos fillos ca á inversa]. *Cando vexo vellos abandonados dóeme no máis fondo do corazón, un pai mantén vinte fillos e vinte fillos non mantén un pai.* # un pai mantén vinte fillos e vinte fillos non mantén un pai (Vilar de Flores, Os Espiñeiros, Allariz).
139. **Vale máis andar ca ornear.** *Refrán* [Dise cando mandas facer algo e cho fan mal ou tardan en cho facer, posto que o terías feito ti mesmo mellor e máis axiña]. *Prefiro facer as cousas persoalmente, porque vale máis andar ca ornear.* # vale máis andar que ornear (Vilar de Flores, Os Espiñeiros, Allariz).
140. **Vale máis facelo ca mandalo.** *Refrán* [Dise cando mandas facer algo e cho fan mal ou tardan en cho facer, posto que o terías feito ti mesmo antes e mellor]. *Eu cando fago as cousas, acabo antes, vale máis facelo ca mandalo.* # vale máis facelo que mandalo (Concello de Baiona).
141. **Xente nova e leña verde todo é fume.** *Refrán* [A xente nova é inconstante e pouco formal]. *Iso pasouche por lle faceres caso, xa che dicía eu que xente nova e leña verde todo é fume.* Concello do Porriño.